

COMO FACER UNHA COMPOSICIÓN DE TEXTO HISTÓRICO:

A composición é un dos métodos da disciplina histórica para construír coñecemento. Trátase da elaboración dun tema histórico a través da análise dunha serie de documentos (textos, gráficos, imaxes), empregándoos como probas dos argumentos que compoñen a interpretación.

Supón unha produción escrita, **orixinal e obxectiva** que demostra a **madurez persoal no discurso argumentado**. Na práctica, nas composicións propostas na **ABAU**, é o desenvolvemento dun tema proposto, explicando os aspectos sinalados nas **orientacións** e empregando os documentos propostos.

1. LECTURA COMPRENSIVA: LE OS TEXTOS / GRÁFICOS / MAPAS. Se hai palabras que non coñeces búascaas nun dicionario ou nunha enciclopedia.

2. SUBLIÑA AS LIÑAS QUE VAS A EMPREGAR DESPOIS COMO EXEMPLOS DOS TEUS ARGUMENTOS. Podes anotar ao lado de cada documento os asuntos que consideres importantes, que debes explicar na composición, ou aqueles cos que debes relacionalos.

3. FAI UN ESQUEMA DO QUE VAS TRATAR ANTES DE REDACTAR. Neste apartado pode ser útil levar memorizado o esquema de cada tema que tedes na **Aula Virtual**. Nese esquema tamén será útil sinalar a que altura do esquema aparecen os documentos propostos, para posteriormente remitirse a eles na redación da composición.

4. CÉNTRATE NO QUE CHE PIDEN NO ENUNCIADO.

5. HAI QUE FACER REFERENCIA SEMPRE AOS DOCUMENTOS (A TODOS).

6. NON SE PODE PARAFRASEAR O TEXTO (é dicir, debes empregar liñas de exemplos, pero non dicir o mesmo nada máis; hai que explicalo).

7. A ESTRUCTURA DA COMPOSICIÓN DEBE SER: INTRODUCCIÓN, DESENVOLVEMENTO E CONCLUSIÓN. Non deben aparecer citados como apartados. É recomendable que redactedes empregando expresións como: a modo de introdución, a continuación imos a comentar, por último, para conclurir.

1º INTRODUCCIÓN:

- Introduces o tema a tratar, facendo unha breve referencia aos textos que tes que comentar, intentando destacar que tipo de documento é : “Estamos diante / Podemos observar tres documentos que fan referencia a (**tema concreto**). O primeiro escrito por/ datado en, trátase dun texto legal/ carta / artigo periodístico / constitución /decreto / de carácter político / económico. O segundo por”.

- **CONTEXTUALIZAMOS OS DOCUMENTOS** : “que se atopan no Reinado..., período”.

- OS **ANTECEDENTES**: aqueles feitos anteriores que están en relación coa pregunta tema.

2º COMPOSICIÓN (DESENVOLVEMENTO):

- Unha vez ordeadas as ideas, da igual que a orde dos documentos non se respecte.
- Comeza a explicar o tema a tratar como se dunha pregunta-tema se tratase. Debes seguir un fío argumental lóxico e coherente. Para iso debes coidar a transición entre as partes (que a precedente introduza a seguinte), construindo os parágrafos agumentados ao redor dunha idea importante que se expón ao comezo do parágrafo para posteriormente enunciar os teus argumentos.

A explicación debe servir para dar sentido e unha orde ao caos dos acontecementos, evitando a simple enunciación xustaposta dos mesmos.

- Cando pases a explicar os conceptos e argumentos que tes subliñados no texto fai referencia a esas liñas concretas: “Como podemos ver na liña 2 do documento 3, (copias parte da liña), o autor está referíndose a”. Os exemplos ou citas deben estar ben escollidos e redactados, sen perder de vista o tema da composición.

- Como empregara os documentos: De cada un deles debes:

- 1. **Citar**: introducir fragmentos dos documentos entre comiñas.

- 2. **Analizar**: sinalar as ideas que están presentes nos documentos.

- 3. **Explicar**: relacionar esas ideas presentes cos contidos estudiados.

- Se o autor/a/es do texto é coñecido para ti debes destacalo. Normalmente forma parte da explicación do tema.

- Se hai algún documento que teña unha data posterior ao tema a tratar normalmente é

para salientalo. Non é casual. Ese documento concreto ten unha finalidade.

- Lembra, debes desenvolver a **explicación dos aspectos que vos piden nas orientacións**. Non pode ser tan só un comentario dos tres documentos.

3º CONCLUSIÓN:

- **Dúas opcións:** facer unha recompilación do dito anteriormente ou explicar que acontece despois do tema tratado. Normalmente deberíamos facer sempre isto último, xa que mostra que dominamos máis temas que o que estamos a redactar. Pero antes diso, primeiro debes facer unha valoración do tema tratado, destacar as consecuencias do proceso que acabades de explicar e, por último, anticipar a fase histórica que ven a continuación.

OUTRO TIPO DE DOCUMENTOS

- Tamén poden caer nos exames gráficos (barras, circulares...), mapas históricos, estatísticas, fotografías, viñetas de xornais... hai que comentalos tamén, explicando o seu significado.

COMO COPIAR LIÑAS DO DOCUMENTO:

- Débese facer referencia ao documento e o número de liña. A continuación podes copiar parte desa liña, sempre entre COMILLAS : No documento 1, liña 2, Carlos IV destaca que foi "...forzado a renunciar á coroa...".
- Se a frase está partida poñémola entre puntos suspensivos. Se é o inicio dunha frase non faría falta, só entre comillas

Recorda que na proba ou práctica da composición dun texto de tipo histórico hai que ter en conta, como **criterios xerais**, os seguintes:

-Por unha banda, a suxeción ás pautas básicas que rexen a expresión escrita (esencialmente precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas).

-Por outra parte, teranse en conta a capacidade de análise, a capacidade relacional, a axeitada utilización dos documentos e a precisión espazo-temporal.

-A paráfrase ou reprodución dos documentos será cualificada como suspenso.

-Os documentos serven como punto de partida do discurso, debendo amosar o alumno o dominio do tema (contextualización dos textos, interrelación dos mesmos, análise pausada e introdución de información suplementaria), co obxectivo de mostrar unha explicación coherente da problemática histórica prantexada en cada opción.

EVITAR FACER

- Saírse do tema, tratando cuestións que quedan fóra del ou centrándose en aspectos accesorios, adaptando o seu desenvolvemento aos coñecementos que si se posúen.
- Excederse demasiado.
- Composicións que se responden coma se fosen comentarios de texto tradicionais, nos que se indica a natureza dos textos, os destinatarios, etc.
- Composicións que conteñen unha primeira parte na que se fai referencia aos documentos facilitados e unha segunda (e maior) na que se expón a teoría sobre o tema tratado.
- Composicións na que a cita dos textos é forzada: como o aprobado esixe a cita dos documentos, esta faise veña a conto ou non.